

Soidade

Co paso do tempo, deuse conta que se quedara só, e que xa nada tiña sentido. Sempre foi un deses rapaces que teñen amigos en todos os lados e que non ten problemas á hora de socializar, pero o problema chegaba cando se atopaba só na casa.

-“Se te sentes só cando estás só, estás mal acompañado”- iso era o que sempre lle dicía o seu pai, citando a Jean Paul Sartre, pero el ignorábo.

Namorábase de calquera persoa, fose intelixente, estúpida, doce ou cruel, non importaba, pois non aguantaba a falta de compañía. Cando coñecía a alguén, atrapábase a ela ata un punto insán, con tal de non sentir ese baleiro dentro do seu peito, e todo valía para non ter esa sensación de soidade.

Ese era o seu maior medo.

Lucía Fernández Gándara